

BASES DO “CONCURSO DE DEBUXO: PONTEAREAS DENDE A VENTÁ”

1. OBXECTO

A Concellería de Ensino, Eventos, Saúde e Consumo do Concello de Ponteareas convoca o “Concurso de Debuxo: Ponteareas dende a ventá”. Este concurso pretende pór en valor ante a comunidade educativa, e máis concretamente ante o alumnado de Primaria, o Concello de Ponteareas, a veciñanza, e a súa actitude ante a pandemia do COVID-19.

2. TEMÁTICA

O tema dos debuxos deberá estar relacionado con Ponteareas, a súa veciñanza e a situación de confinamento na primavera de 2020 por mor do COVID-19. Propoñemos así que usen como marco unha ventá, na que se poden asomar e reflectir o que lles gustaría mirar dende ela, o que lles faría ilusión e sentirse felices.

Estes debuxos deberán ir acompañados dunha frase do autor ou autora **en galego** (non debe exceder as vinte palabras) que exprese os seus sentimentos nesta etapa na que están privados da asistencia presencial nas escolas.

3. PARTICIPANTES

Alumnado de Primaria dos centros educativos do Concello de Ponteareas.

4. MODO, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os debuxos/pinturas deberán realizarse nun folio ou cartolina de tamaño A4 por unha soa cara. A técnica do debuxo será libre.

Cada alumna ou alumno poderá participar cun único debuxo e este non puido ser presentado a outros concursos.

Os traballos poderanse enviar por correo electrónico (educacion@ponteareas.gal) ou whatsApp (no número de teléfono 673 080 865) dende a publicación destas bases na páxina web do Concello ata o día 8 de maio de 2020.

As obras enviaranse, indicando “Concurso de Debuxo: PONTEAREAS DENDE A VENTÁ”, escaneadas ou mediante foto, xunto co título do



traballo, nome da nena ou neno que o realizou, nº do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, curso e centro escolar onde se atopa matriculado. Achegarase tamén a autorización da nai/pai/titor/a que permita a participación da/do menor no concurso e a publicación do traballo na web (Anexo I). Estes traballos publicaranse na páxina web do Concello (ponteareas.gal) co seu título, numerados por orde rigorosa de recepción e de xeito anónimo e así se lles facilitarán aos membros do xurado para que faga a súa valoración unha vez rematado o prazo de presentación.

Os traballos orixinais deberán entregarse no departamento de Ensino no prazo dun mes, unha vez remate o Estado de Alarma.

5. RECOÑECIMENTOS

Os debuxos participantes no concurso serán valorados por un xurado que escollerá 15 traballos que serán incluídos nos calendarios de sobremesa para o ano 2021, que o Concello de Ponteareas repartirá entre o alumnado de infantil e primaria dos centros educativos de Ponteareas no Nadal de 2020. Entregarase un diploma de recoñecemento e participación a todas as persoas que presentaron o traballo e poderá facerse unha exposición con todos os debuxos ou pinturas.

6. XURADO

O xurado estará composto por profesionais da publicidade, deseño, arte e cultura, que serán os encargados de elixir os traballos que formen parte do calendario, así como de clasificalos de xeito que cada un deles vaia asociado a un mes do ano 2021, ademais do da portada, contraportada e un último que acompañará a benvida do alcalde ao vindeiro ano.

Os resultados publicaranse na páxina web do Concello, na segunda quincena de maio, e comunicaránselles ás persoas elixidas para a publicación no calendario.

7. DEREITOS SOBRE AS OBRAS E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica que todos os traballos dos concursantes pasarán a formar parte do arquivo do Concello de Ponteareas e a cesión de forma gratuíta ao Concello dos dereitos de explotación destes: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas, previstos na lexislación sobre propiedade intelectual, todo isto sen ánimo de lucro, e pola



duración máxima permitida pola citada lexislación de propiedade intelectual.

Os/as concursantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación ningunha por dereitos de imaxe.

De conformidade co *Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, os datos persoais obtidos para a participación no concurso serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Ponteareas cuxa finalidade é a xestión do presente concurso de debuxo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA PARTICIPAR NO “CONCURSO DE DEBUXO: PONTEAREAS DENDE A VENTÁ”

D./D^a

.....

....., con DNI nº pai /nai /
titor/a do/da alumno/a.....

..... autorízo/a a participar no



“Concurso de Debuxo: Ponteareas dende a ventá”, organizado polo Concello de Ponteareas, e acepto expresamente as bases do concurso.

Ponteareas, de de 2020

O/A pai/nai/ titor/a do/da alumno/a

Asdo.:

